

ENTREVISTA | ANTÓN RIVEIRO COELLO

ESCRITOR E PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN BARBANTIA

«O futuro da entidade a longo prazo pasa pola súa profesionalización»

O intenso volume de traballo que xera a asociación cultural, que reúne a unhas 270 persoas, fai que os seus promotores teñan claro que debe contar con persoal propio

M. X. Blanco

RIBEIRA | Das súas verbas despréndese que é un apaixonado da literatura, pero Antón Riveiro Coello (Xinzo de Limia, 1964) vai máis alá, e réndese doadamente ante todo o que teña que ver coa cultura en xeral. De feito, dedica a maior parte do seu tempo de lecer a compaxinar a súa faceta como escritor coa intensa labor que supón ocupar a presidencia da asociación Barbantia. El foi un dos promotores deste colectivo, viu como daba os primeiros pasos e agora, dende a primeira fila, comproba con sorpresa como medra a pasos axigantados.

—¿Como xorde a idea de poñer en marcha Barbantia?

—Cando percorrín a comarca para escribir o *Cartafol do Barbanza* coñecín a moita xente vinculada coa cultura. Logo coincidín con estas persoas en diferentes actos e formamos un grupo que decidimos constituír unha asociación co fin de dinamizar a cultura da bisbarra.

—Barbantia naceu con 30 socios pero agora reúne a unhas 270 persoas da comarca. ¿Cal é o logro que destacaría?

—Conseguimos algo que non imaxinábamos. Se me din que Barbantia ía chegar a ter a forza que ten hoxe en día non o crería. A nosa idea era xuntarnos con frecuencia, facer presentacións e achegar a Barbanza a cultura galega, pero xa levamos unha dúcia de publicacións e cada vez é máis xente a que colabora. Conseguimos por en contacto a moita xente vinculada coa cultura e creamos unha ampla rede de comunicación.


—¿Cal é a parte positiva destes tres anos de andaina?

—Foise facendo como unha bola de neve de amizade e de cultura. O importante é que dende Barbantia facemos cultura, pero tamén a recibimos, xa que ao longo destes anos pasaron pola comarca moitos intelectuais galegos. Conseguimos achegar Barbanza ao mundo da cultura.

—¿Segue habendo xente que aínda vincula a asociación a unha determinada formación política?

—Ao principio era así, pero a asociación non ten nada que ver coa política e así o deixamos claro. É un colectivo diverso, con persoas que teñen as súas ideas e que teñen un obxectivo común, que é o interese pola cultura.

—¿Pode dar a impresión que se trata dun grupo elitista?



O boirense considera que chegou o intre de que xente nova asuma responsabilidades na agrupación | SIMÓN BALVÍS

—Esa é tamén unha percepción falsa. Hai amas de casa e mariñeiros que escriben en Barbantia, porque nós dámoslle cabida a todas as persoas que están interesadas pola cultura. A asociación está aberta a toda a sociedade.

—¿Hai algún aspecto que mencionaría como negativo?

—É unha parte persoal, xa que Barbantia precisa unha dedicación de dúas horas ao día, por iso é necesario camiñar cara a profesionalización da entidade. Nun principio o traballo concentrábase en poucas persoas pero, por sorte, agora a saúde da asociación é moi boa e hai máis xente que colabora.

—¿A que se refire cando fala de profesionalización?

—O volume de traballo que xera agora Barbantia é tan amplo ou maior que o de moitas concellerías, polo que debería contar cun técnico. Hai moitísimas fundacións que, pese a ter menos traballo, contan con persoal propio. O futuro da entidade a longo prazo pasa pola súa profesionalización.

—Neste sentido, ¿cre que a implicación das Administracións é suficiente?

—Tanto a Deputación da Coruña como a Consellería de Cultura están a colaborar con nós, pero non teño claro que o reparto de axudas sexa o axeitado. Á hora de concedelas non se ten en conta o volume de traballo nin a poboación á que chegan as accións, e si se mira, por exemplo, a respiración política. Imos atopando colaboración, pero nunca é suficiente.

«Os literatos teñen que ter ambición, pero nunca vaidade»

Asegura que pasou a súa infancia entre ferramentas, afastado dos libros. De feito, Riveiro Coello descubriu o mundo da literatura cuns 20 anos, pero foi tal o namoramento, que a día de hoxe ten catorce obras publicadas en solitario e participou na elaboración de máis de trinta; iso sen contar os numerosos premios dos que foi merecedor. A pesar de estar máis que satisfeito co seu labor en Barbantia, ao escritor pézalle non poder dedicarlle máis tempo a súa gran paixón.

—Prometín botar a andar a asociación, pero a partir de agora irei desaparecendo como cabeza visible. Ten que tomar o relevo xente nova.

—De todas as obras publicadas, ¿con cal se queda?

—As *rulas de Bakunin* foi o que máis éxito tivo e aínda hoxe en día lle segue gustando ao público. Escribino pensando que me ía dar prestixio, pero non pensei que ía ter tanta fama. A obra á que lle teño máis cariño é *A quinta de Saler*, que foi a que me deu a coñecer. A partir desta publicación notei que aparecía o lector, xa que antes ninguén falaba dos personaxes dos meus libros. Penso que o volume máis completo é *A esfinxe de amaranto*.

—¿Ve difícil abrirse camiño no eido da literatura?

—Depende do que se entenda por abrirse camiño. Escri-

bir é doado e está ao alcance de todos, pero escribir ben é máis difícil. Supoño que hai unha parte mínima de talento e unha grande de traballo.

—¿Pero pódese vivir da literatura?

—Aí entramos na parte do éxito. So se podería vivir da literatura en galego tendo fama fóra de Galicia, porque aquí temos un volume de lectores moi pequeno. Si se podería vivir con actividades colaterais, como talleres ou conferencias, pero so de escribir é complicado. Tampouco se pode pensar que é doado gañarse o pan con isto se se escribe en castelán, inglés ou ruso, xa que poucos autores o conseguen.

—¿Que consello lle daría aos mozos que se inician nesta duro mundo?

—Sempre lles digo que deben estar atentos a todo, porque eu entendo a creación literaria como unha cuestión de visión. Os escritores vemos a vida de xeito estético. Eu cando saio sempre estou fixándome en cousas que son material para as miñas obras. Para escribir é fundamental ler moito. Estou convencido de que os literatos teñen que ter ambición, pero nunca vaidade. A primeira permitiralles buscar sempre a superación, pero coa segunda crerán que os seus relatos son inmellorables e non aceptarán as críticas.

La asociación cultural Terra de Outes publica el primer número de su revista

J.M. Sande

MUROS | La Asociación Cultural Terra de Outes ha publicado el primer número de su revista social, en la que se incluyen reportajes sobre la carpintería de ribera en el municipio, un análisis sobre el puerto de San Cosme, la evolución de la población en el municipio, los hórreos de San Lorenzo y los documentos sobre la figura de Francisco Añón.

Además, la publicación dedica un espacio preferente a una entrevista con el regidor, Carlos López Crespo, en la que se hace un análisis de su periplo profesional y su irrupción en la vida política.

La revista también reserva un hueco para el medio ambiente, con un artículo sobre las características del monte Tremuzo, destacando sus condiciones estéticas, naturales y su relevancia histórica. A la vez, se da cuenta del homenaje a Xosé Agrelo desarrollado recientemente; se alude una exposición de Alfonso Costa que puede verse en el municipio y a un trabajo sobre mitología gallega. También hay varias secciones dedicadas a lectura y guías culturales y de exposiciones.

Sector naval

Al referirse a la construcción naval, Xoán García, autor del reportaje, recuerda que en Outes existieron una treintena de talleres, destacando que en ninguno de los municipios de la ría hubo semejante número de astilleros. De ellos, solo cuatro perviven en la actualidad, ya que han sabido adaptarse a las demandas del sector.

Los trabajos dedicados a Xosé Agrelo y a Francisco Añón confieren a la publicación una gran relevancia cultural, debido a la trayectoria y vinculación con la villa ourensana de ambos. También hay que destacar la participación que se otorga a los colectivos sociales del municipio, brindándoles la posibilidad de dar a conocer sus vicisitudes a través de la revista.

El presidente de Terra de Outes, Xoán Mariño, destacó, en la presentación: «Estoy convencido de que estas páginas servirán para dar voz á efervescencia cultural, cívica e social deste municipio, e contribuirán a reforzar os lazos entre todos os membros da colectividade, unha labor de cohesión social indispensable para a consecución de calquera obxectivo que esta se propoña».